

C

Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 17

DECEMBRO 2020

Auditorio de Galicia, 20.30 h

IN NOMINE DOMINI

Maximino Zumalave, director

Concerto en homenaxe ao

Padre López Calo SJ (1922-2020)



Coprodución con Amigos da Ópera de Santiago

PROGRAMA

José Arriola (1896-1954)

Largo para frauta e cordas
do 2º movemento do Divertimento concertante

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Suite nº 3 en Re maior, BWV 1068

Overture

Air

Gavotte I & II

Bourrée

Gigue

F. J. Haydn (1732-1809)

Sinfonía núm. 84 en Mi b maior "In nomine Domini"

Largo - Allegro

Andante

Minuetto: Allegretto - Trio - Allegretto

Finale: Vivace

Duración aproximada do concerto: 50 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Andoni Mercero
(concertino)

Ildikó Oltai (axuda de
concertino)

Victoria Jurov **

Ilya Fisher

Michal Ryczel

Claudio Guridi

Yulia Petrushevskaya

Anna Alexandrova

Enrique Roca

Helena Sengelow

Kiyoko Ohashi

Irina Gruia

VIOLAS

Natalia Madison *

Anne Schlossmacher **

Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Carlos García *

Millán Abeledo **

Thomas Piel

Alexandre Llano (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

Rodrigo Iglesias (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

MAXIMINO ZUMALAVE

DIRECTOR

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. É director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Con el actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras. É invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo; coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música; así, Torrente Ballester envíalle unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poetisa Eva Veiga escribe:

...Maximino,

que coas súas mans do silencio

arrinca

a máis pura poesía,

no espacio fuxidía

no corazón eterna.

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña. En febreiro de 1995 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018 foi membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, desde 2014, formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e en 2016 foi distinguido co Premio da Cultura Galega.

José Arriola (1896 –1954)

José Rodríguez Carballeira (Pepito Arriola), foi unha figura destacada do panorama musical galego e español da primeira metade do s. XX, neno prodixio na interpretación pianística que lle vale ser recoñecido como o “Mozart Galego” e que lle dará gran fama a nivel internacional. Menos coñecida aínda que non menos relevante é a súa faceta compositiva, situándoo a crítica nun dos grandes compositores da Xeración do 27, se ben a súa liña creativa transcorre nunha corrente xermanística e posromántica que o afasta da estética predominante entre os da súa xeración. Como escribe Julia María Dopico Vale no CD da Real Filharmonía de Galicia dirixida polo mestre Maximino Zumalave, *José Arriola. Orchestral Music* “José Arriola pasa importantes períodos de súa vida instalado en Alemaña. Neste país e naqueles anos, aínda óense voces posrománticas subxugadas á expresión individualista e de natureza salvaxemente nostálxica que se negan a morrer nun colonialismo que ofrece resistencia implacable contra a “Nova Música” e as súas propias catedrais sonoras [...] En este tempo, o imperio tonal e as conexións harmónicas

diluíanse na procura de novas fórmulas reflectidas no atonalismo vienés e os nacionalismos, como antes apuntabamos, facían emerxer música de elevado rango culto en países sen case tradición. Trátase dunha miscelánea concepción da arte na que podemos incluír a Arriola que, como na obra dos posrománticos, amosa o desexo de reter unha vida que escapa procurando o mundo da beleza, experimentando con cores, texturas, cromatismos, raras combinacións tonais, dolorosas disonancias e acordes refinados con sons plenamente coloristas, sensuais, sentimentais... nunha música cargada de significado e melancólico lirismo”. O citado disco, inclúe o *Divertimento Concertante para dous pianos e orquestra* (1946), unha peza lixeira e elocuente como se dun xogo traballado sobre varias ideas e diferentes escolas se tratara.

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Non é doado falar da música instrumental de Bach, pois non se conservan as partituras autógrafas completas, e as obras reconstruíronse desde as partichelas de cada instrumento realizadas por varios copistas. Estas pezas para orquestra, aínda que coñecidas como *Suites* figuran como *Aberturas (Overture)* como definición dun todo desde unha parte de gran relevancia no total da obra pois representaba a metade da duración total ou incluso máis. No inicio do século XVIII, o estilo da corte de Versalles era un referente xunto ao italiano, nas principais cidades de Alemaña. A designación de *Overture* era máis que unha moda pois servía de preludio a obras especialmente de carácter dramático que constaba dunha sección lenta, outra rápida de carácter fugado (se non era una auténtica fuga) e pechaba cunha recapitulación da lenta inicial. Ademais, presentaba o ritmo punteado e rápidos e breves xiros que parecerán sinais de aviso, de xeito que se consolidou na corte francesa como o anuncio da chegada do rei ao palco servíndolle de saúdo. Esta vinculación da música de abertura co monarca, levou a Bach a utilizar a *ouverture*

á francesa para referirse á maxestade divina nas súas cantatas e música de órgano. Sendo coñecedor do estilo musical francés, admirador de Couperin e das pezas para clavecín de Rameau, Bach abandonou a corte de Weimar por diferencias coa autoridade, e foi acollido polo príncipe Leopoldo de Cöthen –a quen lle gustaba o estilo cortesán francés– coa intención de converter a súa ‘Capela’ nun dos conxuntos instrumentais máis importantes do seu tempo. Na corte de Cöthen, Bach traballou preto de cinco anos e alí, parece, compuxo as catro aberturas e sen poder confirmar as datas, o musicólogo Heinrich Bessler sitúa esta *Terceira Abertura BWV 1068* en 1922. O que é seguro é que Bach revisouna cando o compositor era o cantor da Igrexa de Santo Tomás de Leipzig e director do Leipzig Collegium Musicum, que ofrecía concertos os venres na Zimmerman’s Coffee House nunha época anterior á existencia das sala de concertos. No aspecto formal destas obras destaca a rotura da orde, establecida no século XVII, na sucesión de *allemande*, *courante*, *sarabande* e *gigue* de xeito que calquera podía ser substituída por outras a vontade do compositor, ou intercalar outras, especialmente entre as dúas últimas da serie. Na *Suite en Re maior*

BWV 1068, a única danza que conserva o seu lugar original con respecto al modelo tradicional de suite francesa é a *Gigue*, o resto de pezas son *Air*, *Gavotte I e II* e *Bourrée*. Posiblemente, esta partitura sexa a máis solemne e grandiosa das catro, en parte, pola elección de tres brillantes trompetas en do, un timbal e dous óboes. Os instrumentos de vento aportan un relevante colorido orquestral, se ben é certo que estes instrumentos adoitan dobrar aos violíns, como no caso dos óboes como acompañantes da corda. Sen dúbida *Air*, é unha forma binaria con dúas seccións repetidas acadou o seu recoñecemento pola súa fonda expresividade e a súa beleza melódica.

Franz Joseph Haydn (1732 - 1809)

Na década de 1780 Haydn, que levaba vinte anos traballando para o seu amigo o príncipe Nicolás de Esterházy, foi quen de emanciparse e comezou a recibir numerosos encargos do estranxeiro, como as *Sete Palabras* para a Semana Santa da catedral de Cádiz en 1781, foi admitido na Sociedade Filharmónica de Módena, e foi invitado a viaxar a Londres e París onde, nos anos previos á Revolución Francesa, tamén recibiu varios encargos. Entre eles, as solicitadas pola compañía orquestral da capital francesa Le Concert de la Loge Olympique. O seu principal promotor era Claude-François-Marie Rigoley, conde de Oigny quen organizaba importantes concertos que recibían entre o seu público a membros da familia real. Por este motivo se encargaron novas obras aos compositores máis importantes da época e entre estas, as coñecidas como Sinfonías de París, numeradas do 82 ao 87 e datadas entre 1785 e 1786). O destino francés das obras colocou a Haydn fronte ao feito de que as orquestras locais, cun número

de instrumentistas máis elevado que a presentada polo ensemble da corte dos Esterházy, estaban dispoñibles e ademais podían adoptar un ton máis solemne e rico en contrastes, máis apropiado aos gustos do público francés. Así, as Sinfonías de París son un dos froitos máis representativos da produción de haydniana, nacendo a terceira delas despois das núms. 83 “A galiña”, 87 e 82 “O oso”. Como noutras sinfonías ‘francesas’, a *Sinfonía núm. 84 en Mi bemol maior* comeza cunha introdución lenta de carácter grave e apracible que estrañamente anticipa a liña melódica do segundo movemento. Polo contrario, o *Allegro* constrúese sobre una melodía singular dunha intensa vivacidade, que volve aparecer no movemento orquestrado, articulado e desenvolvido, antes do final. O *Andante* en forma dun tema con variacións. As cordas son as principais protagonistas do tecido sonoro e acentúan o ton tráxico cando a tonalidade cambia a la menor. Os ventos destacan, na última variación, secundados por un leve pizzicato de acompañamento dos instrumentos de corda, seguido dunha sucinta reiteración

do tema inicial. O enérxico *Minuetto* ven determinado polas cordas e aparece como *Allegretto-Trio-Allegretto*, Haydn renuncia a estender o Trío para chegar con prema ao derradeiro movemento, o *Final: Vivace* que, debido á súa forma de sonata, as súas progresións de cor, os seus súbitos silenzos, rompendo as explosións de ledicia típicas de Haydn, asoman xa trazos románticos. A rápida sucesión de relucentes fragmentos centrais suxeriría un final festivo, mais a Sinfonía, remata cunha repetición distendida que afrouxa a tensión.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Martes 5 de xaneiro, 21.30 h **CONCERTO DE REIS**

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA
Paul Daniel director
Teimuraz Janikashvili, violín

J. Strauss, *Apertura de O morcego*
A. Vivaldi, *As catro estacións,*
op. 8 RV 297: O inverno
A. Piazzolla, *Las cuatro*
estaciones porteñas: La primavera
M. Richter, *Verán 1, 2 e 3 de Vivaldi*
recomposed
A. Vivaldi, *As catro estacións,*
Op. 8 RV 297: O outono
G. Rossini, *Apertura de Guillermo Tell*

Xoves 14 de xaneiro, 20.30 h **O PARAÍSO PERDIDO**

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Carlos Méndez, contra baixo solista RFG

S. O. Infante, *Gratulantes.*
*Obra encargo RFG**
M. Mazzoli, *Dark, with excessive bright***
A. Dvorák, *Sinfonía núm. 8 en*
Sol maior, op. 88

* *Estrea absoluta*

** *Estrea en España*



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura



Coprodución con Amigos da Ópera de Santiago

